


MANOLO BLANCO



Bernardino Graña fotografado na homenaxe do Pen Clube no 2003, ano no que a entidade lle concedeu o seu galardón anual

## El grupo Xochilmica tocará en el Festival de Música Celta de Ortigueira

**EN JULIO** ▶ La formación actuará en el escenario Runas, destinado a promocionar nuevos valores del folk

REDACCIÓN • SANTIAGO

El buen hacer musical se premia. Y eso es lo que acaba de ocurrir con los integrantes de Xochilmica. El grupo, que hace apenas un año se proclamaba vencedor del V Certame Folk Radio Obradoiro, es uno de los seleccionados para actuar en la próxima edición del Festival de Ortigueira, el segundo más importante de Europa. La cita, del 7 al 10 de julio.

Xochilmica se subirá al escenario Runas, convertido en una auténtica plataforma para artistas que inician su andadura en el mundo de la música de raíz.

Los seis grupos que actuarán este año en el Runas, entre ellos Xochilmica y también los compostelanos Driade, fueron seleccionados por un jurado compuesto por críticos de los principales medios españoles. Entre los nombres figuran Emilio España, Fernando Neira, José Miguel López y Óscar Losada.

### Entre 20 grupos

Xochilmica fue seleccionado entre veinte grupos de Galicia y de otras regiones como el País Vasco, Asturias, Castilla y León o Cataluña. Los seis grupos tocarán el sábado y el domingo a las 17.30 horas.

Todos compiten por ganar el conocido como Certamen Runas, premio que otorga el público. El vencedor estará en el escenario principal el año que viene, compartiendo cartel con grupos y figuras consagradas del folk.

Se consolida así la trayectoria ascendente de Xochilmica, presente también en otras citas relevantes en este ámbito como el Festival de Lorient, que se celebrará en agosto en esta localidad. A las dos citas acude presentando los temas de *Cinco elementos*, trabajo que grabaron en los estudios Phonos (A Estrada). Fue el premio que recibieron tras proclamarse ganadores de la V edición del Certame Folk que organiza **Radio Obradoiro**, emisora del **Grupo Correo Gallego**. Gran parte de los temas que Xochilmica incluye en este disco son composiciones propias.

# Páxinas do Sar e Compostela

**LITERATURA** ▶ EL CORREO distribúe hoxe na capital galega unha nova edición do volume 'Se o noso amor e os peixes...', de Bernardino Graña, que se editou por primeira vez en 1980 ▶ O Casino de Santiago acolle un recital

H.N. • SANTIAGO

O Casino de Santiago, na histórica rúa do Vilar, acolle hoxe ás sete e media da tarde un acto literario no que se presentará o noveno volume da colección *Poeta en Compostela: Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen*, da autoría de Bernardino Graña.

O libro publicouse por primeira vez hai vinte e cinco anos e xurdiu "como produto da convivencia en Santiago e no Instituto de Padrón", porque naquela época o escritor residía na capital galega e impartía clases na vila padronesa, e "de aí saíu". Explica que a obra recolle fundamentalmente "vivencias de Santiago", cidade na que comezou a vivir na década dos setenta "logo de pasar varios anos fóra, en lugares coma Tarragona, Castellón ou Zaragoza" e lembra ademais que a súa chegada se produciu "logo de que morrera Franco, e sentínme con certa liberdade para escribir".

### Escribir de todo

Graña escribiu ata o de agora varias dúzias de libros en xéneros como a poesía, o teatro e a narrativa, sendo parte da súa produción destinada ó público infantil. E non ten preferencia por ningunha destas formas de expresión na escrita, comparando a escritura coa alimentación, xa que lle gusta "escribir de todo, igual que como de todo: peixe,

### AS CLAVES

#### Alumnos que hoxe son escritores

▶ Varios dos alumnos que Bernardino Graña tivo no Instituto de Padrón acabaron sendo escritores: entre eles menciona a Eusebio Lorenzo Baleirón, Anxo Angueira ou Xosé Manuel Millán Otero, quen é o actual alcalde de Moaña (Pontevedra). Ademais, unha das súas alumnas en Reus (Tarragona) seguiu os seus pasos e hoxe é "catedrática de instituto", apunta.

#### Bos recordos da etapa de ensinante

▶ O escritor cangués lembra con satisfacción a etapa que pasou cos seus alumnos padroneses, ós que define como "xente moi pacífica, moi modesta, que asumía o estado do instituto, un centro pequeno que sufría carencia de libros" na súa biblioteca. Unha falta de libros que solucionaban "buscándoos" eles mesmos, os máis interesados pola literatura ■

### COLECCIÓN

## Milleiros de libros nos fogares

Ó acto literario co que se celebrará a saída do volume asistirá ademais de Bernardino Graña o seu antigo alumno e tamén escritor, Anxo Angueira, quen fará unha introdución da obra para o público que se reúna no Casino de Santiago.

Foi este mesmo escenario o que se escolleu para a presentación dos anteriores títulos da colección de libros *Poeta en Compostela*, que naceu por iniciativa da Concellería de Cultu-

ra santiaguesa e do Grupo Correo Gallego, coa colaboración da Asociación de Escritores en Lingua Galega, para levar a poesía ós fogares composteláns.

A vindeira obra que se unirá ás xa publicadas ata o de agora é *Pornografía* de Lupe Gómez, que foi publicada por primeira vez no ano 1995. A súa distribución está prevista para o mes de xullo, mentres que no mes de agosto non haberá libro polas vacacións de verán ■

carne, verduras... e cando escribo vou variando a alimentación do espírito". Na actualidade, está a rematar "unha novela e varias pezas de teatro que teño inéditas", aínda que non esquece a poesía, pois "fago de todo, como nun piano ás veces toco as teclas negras e outras veces as brancas".

### Un bo momento

O escritor opina que no eido literario, en Galicia "é un bo momento para todo, salvo para o teatro, porque moita xente non sabe o que é o teatro, é moi lamentábel". Por iso, considera que as institucións teñen que interesarse pola súa promoción e "fomentalo, mostrar preocupación por el".

No extremo contrario estaría a poesía, da que di que hai un auténtico "renacer" no ámbito da literatura galega e pon como mostra o recital que se desenvolveu este último domingo en Pontevedra no marco do congreso do XXV aniversario da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), que se desenvolveu nesa cidade o domingo e mais o sábado en Poio.

Bernardino Graña asegura que foi un acto literario "extraordinario, un recital como se debe facer, no que os poetas teatralizaron, dramatizaron con moito cuidado".